

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 20 DE MARZO DE 2024 POLA QUE SE
CONVOCAN AXUDAS PROPIAS PARA A MOBILIDADE DE PERSOAL
INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO, 2024.**

A Lei 14/2011, de 1 de xuño da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación establece que as universidades públicas deben promover a mobilidade xeográfica, intersectorial e interdisciplinaria para o seu persoal investigador e recoñecer o valor dela como un medio para reforzar os coñecementos científicos e o desenvolvemento profesional dos seus recursos humanos relacionados coa actividade investigadora.

Así mesmo, recolle que o persoal investigador vinculado ás universidades públicas poderá ser autorizado para a realización de estadías formativas en centros de recoñecido prestixio co obxectivo de ampliar a formación en materias directamente relacionadas coa actividade de investigación científica e técnica, o desenvolvemento tecnolóxico, e a transferencia e difusión do coñecemento.

Unha vez vista a Lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento e en virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Publicar a convocatoria de axudas propias para a mobilidade de persoal investigador da Universidade de Vigo conforme ás bases reguladoras sinaladas nos anexos desta convocatoria conforme á proposta feita pola Comisión de Investigación na súa reunión do 01/03/2024.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciu a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 de a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O REITOR

P.D. R.R. 31/10/2023 (DOG de 10 de novembro)

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación



ANEXO I- BASES REGULADORAS

ÍNDICE

1. Obxecto da convocatoria.
2. Modalidades.
3. Características das axudas.
4. Natureza e contía das axudas.
5. Normativa aplicable.
6. Financiamento das axudas.
7. Requisitos para a presentación de solicitudes.
8. Órgano instructor.
9. Formalización das solicitudes e prazo de presentación.
10. Contido das solicitudes para a modalidade A. Bolsas para viaxes.
11. Contido das solicitudes para a modalidade B. Bolsas para estadías en centros de investigación.
12. Emenda de solicitudes.
13. Avaliación e selección de solicitudes.
14. Concesión das axudas.
15. Medios de publicidade.
16. Pagamento das axudas.
17. Réxime de incompatibilidades.
18. Obrigas das persoas beneficiarias.
19. Reintegro da axuda.
20. Prazo máximo de resolución.
21. Réxime de tratamento de datos.
22. Transparencia.

Anexo II. Valoración de méritos



1. *Obxecto da convocatoria.*

A convocatoria de axudas propias á mobilidade de persoal investigador da Universidade de Vigo ten por obxecto financiar parcialmente os desprazamentos para presentar resultados de investigación e as estadías en centros de investigación do persoal investigador que cumpra os requisitos sinalados, co obxectivo de contribuír ao intercambio de coñecemento e á mellora e internacionalización da súa actividade investigadora.

2. *Modalidades.*

De xeito concreto, convócanse axudas para as seguintes actuacións:

Modalidade A: Bolsas para viaxes.

Modalidade B: Bolsas para estadías en centros de investigación.

3. *Características das axudas.*

Modalidade A: Bolsas para viaxes.

A axuda irá destinada a financiar parcialmente os desprazamentos para a presentación de comunicacións orais ou escritas ou proxectos creativos, en congresos, exposicións de creación artística, e reunións científicas, nacionais ou internacionais, que teñan o seu inicio entre o 16 de novembro de 2023 e o 15 de novembro de 2024 e se organicen fóra de Galicia.

Modalidade B: Bolsas para estadías en centros de investigación.

A axuda irá destinada a facilitar a estadía en centros de investigación radicados fóra de Galicia para a realización de traballos de investigación e a utilización ou adquisición de técnicas necesarias para o desenvolvemento da actividade investigadora e que redunden en beneficio dela.

No caso de programas de doutoramento coa mención de «Doutoramento Industrial», as estadías tamén poderán ser realizadas en empresas do sector público ou privado radicadas fóra de Galicia directamente relacionadas co proxecto de tese de doutoramento.

A duración da estadía financiada, que se desenvolverá nun único período e centro, non poderá ser inferior a 30 días nin superior a 90 e deberá estar comprendida entre o 16 de novembro de 2023 e o 15 de novembro do 2024.

En calquera caso, non poderá solicitarse unha axuda para as estadías comezadas con anterioridade ao 16 de novembro de 2023 que xa foran financiadas parcialmente na convocatoria 2023 de axudas propias para a mobilidade de persoal investigador ou mediante calquera outra axuda económica.



Exclúense expresamente as axudas para estadias na universidade na que se licenciou/graduou ou doutorou a persoa solicitante e no centro/universidade á que pertenza quen lle dirixa a tese de doutoramento. No caso das persoas estranxeiras, exclúense tamén as estancias no país de orixe.

4. Natureza e contía das axudas.

O importe das axudas para a mobilidade será establecido pola Comisión de Investigación en función do lugar onde se realice a actividade e tendo en conta as seguintes cantidades íntegras que se establecen como máximas ata o esgotamento do crédito dispoñible:

Modalidade A. Bolsas de viaxe.

Destino	Contía
Península Ibérica e Baleares,	285 €
Comunidade Autónoma de Canarias e as illas portuguesas dos arquipélagos da Madeira e Azores	465 €
Europa e hemisferio norteafricano	545€
Asia e Oceanía	1.050 €
Resto do mundo	800 €

Modalidade B. Bolsas para estadias en centros de investigación.

Destino	Estadía	Desprazamento
Península Ibérica e Baleares	40 €/ día completo	285 €
Comunidade Autónoma de Canarias e as illas portuguesas dos arquipélagos da Madeira e Azores	40 €/ día completo	465 €
Europa e hemisferio norteafricano	60 €/ día completo	545€
Asia e Oceanía	60 €/ día completo	1.050 €
Resto do mundo	60 €/ día completo	800 €



O importe da axuda concedida para estadias en centros de investigación non poderá superar en ningún caso a cantidade de 3.000 €. De resultar beneficiaria de axudas para a mobilidade en ámbalas dúas modalidades, o importe total non poderá superar os 3.000 €, a cantidade que supere este importe será minorada da axuda da modalidade A, viaxes.

5. Normativa aplicable.

O procedemento de concesión das axudas convocadas será o de concorrência competitiva nos termos previstos no artigo 22 da Lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de subvencións, sen prexuízo das salvedades que se poidan prever nas bases específicas desta convocatoria.

6. Financiamento das axudas.

Os fondos destinados ás dúas modalidades de axuda irán con cargo á aplicación orzamentaria 2024 00VI 131H 481.01 co importe máximo de 80.000 euros retido para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

A cantidade estimada para as axudas de estadias en centros de investigación é de 60.000 euros e a estimada para viaxes de 20.000. Sen embargo, no caso de que haxa solicitudes na lista de agarda, os importes poderán empregarse indistintamente nunha ou noutra modalidade ata o límite máximo de 80.000 euros.

7. Requisitos para a presentación de solicitudes.

Poderán presentar unha solicitude de axuda aquelas persoas que desenvolven actividade investigadora na Universidade de Vigo sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Pertencer a un dos seguintes grupos:

Grupo 1:

-Estudantes de doutoramento. Quen sexa beneficiaria ou beneficiario dunha axuda de apoio á etapa predoutoral non poderá solicitar axuda para a mesma estadia para a quen ten concedido financiamento autonómico ou estatal.

O estudantado que goce dunha axuda á etapa predoutoral de calquera modalidade (Formación de Profesorado Universitario -FPU-, Formación de doutoras e doutores -FPI-, Xunta de Galicia ou Universidade de Vigo) deberá contar, no seu caso, coa conveniente autorización de ausencia ou o correspondente trámite que estableza a convocatoria pola que acadou a axuda predoutoral.

Grupo 2:



-Persoal investigador contratado no marco de calquera programa competitivo de persoal investigador predoutoral en formación que se atopen no período de orientación posdoutoral (POP).

- b) Non estar incurso nalguna das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de subvencións.
- c) Ter agotado o crédito concedido para realizar estadias de investigación polas convocatorias autonómicas ou estatais correspondentes.
- d) Non ter sido obrigada a reintegrar ou non ter perdido o dereito ao cobro do importe dalgunha axuda propia para a mobilidade de persoal investigador da Universidade de Vigo nas tres últimas convocatorias.

8. Órgano instructor.

As actividades de ordenación e instrución do procedemento de concesión corresponden á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación que estará asistida pola Sección de Recursos Humanos do Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento como unidade de xestión e pola Comisión de Investigación delegada do Consello de Goberno no correspondente á fase de concreción da adxudicación e proposta de resolución provisional.

9. Formalización das solicitudes e prazo de presentación.

O prazo de presentación das solicitudes comezará o **21 de marzo e permanecerá aberto ata o día 24 de abril de 2024.**

As solicitudes das persoas interesadas, acompañadas pola documentación prevista para cada modalidade de axuda, deberán tramitarse a través do módulo de convocatorias do Sistema Unificado de Xestión de Investigación (SUXI) no que se debe estar rexistrada. O acceso ao SUXI realízase a través da secretaría virtual da Universidade de Vigo no seguinte enderezo: <https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/>

Unha vez rematado o procedemento, o formulario de solicitude resultante debidamente asinado, única e exclusivamente, debe ser presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo no seguinte enderezo <https://sede.uvigo.gal/>, a través do procedemento «**SINV-Axudas propias para a mobilidade de persoal investigador da Universidade de Vigo**», indicando no asunto «Solicitude de axudas propias de» (*sinalar viaxe ou estadia*) e dirixíndoa ao Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento.

De xeito excepcional para este procedemento, unicamente as persoas de nacionalidade extracomunitaria, poderán usar medios de acceso á sede electrónica alternativos, para o cal deberán



iniciar o procedemento enviando un correo electrónico a estranxeiros@uvigo.gal antes de presentar a súa solicitude e con antelación suficiente ao día de peche do prazo de presentación.

10. Contido das solicitudes para a modalidade A. Bolsas para viaxes.

As solicitudes deberán ser presentadas por grupo de solicitantes e ir acompañadas da seguinte documentación:

1. Documento acreditativo da organización do congreso científico.
2. Documento acreditativo da composición do/s comité/s científico ou organizador.
3. Copia da comunicación ou resumo dela enviada ao congreso ou memoria explicativa do proxecto creativo.
4. Declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ao fronte da Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha outra débeda con ningunha Administración Pública.

Ademais, deberá acompañarse a seguinte documentación segundo grupo de solicitantes:

Grupo 1: Estudiantes de doutoramento

1. Informe da dirección da tese de doutoramento xustificando o interese do desprazamento.
2. Documentos acreditativos daqueles dous méritos obtidos no período 2021-2024 que sometan a avaliación presentados de acordo co Anexo II da convocatoria. De presentarse máis de dous méritos, a solicitude sairá admitida con defectos e deberá especificar na fase de subsanación de solicitudes qué méritos selecciona. De non realizar este trámite entenderase que non presenta méritos.

Grupo 2. Persoal investigador posdoutoral

1. Documentos acreditativos daqueles dous méritos obtidos no período 2021-2024 que sometan a avaliación presentados de acordo co Anexo II da convocatoria. De presentarse máis de dous méritos, a solicitude sairá admitida con defectos e deberá especificar na fase de subsanación de solicitudes qué méritos selecciona. De non realizar este trámite entenderase que non presenta méritos.

Só se terán en conta os méritos obtidos na data de finalización de presentación de solicitudes, non sendo posible a actualización posterior deles. Os méritos presentados, pero non acreditados adecuadamente poderán ser obxecto de emenda no período habilitado para isto na resolución de admisión provisional.



As persoas solicitantes de ámbolos dous grupos que figuren en POD deberán ter tramitado a correspondente licenza de ausencia para os efectos de docencia e investigación polos medios normalizados da Universidade de Vigo.

Durante calquera momento do procedemento o órgano instrutor poderá pedir documentación complementaria que se considere necesaria para o desenvolvemento das axudas.

11. Contido das solicitudes para a modalidade B. Bolsas para estadias en centros de investigación.

As solicitudes deberán ser presentadas por grupo de solicitantes e ir acompañadas da seguinte documentación:

1. Breve resumo (150-200 palabras), do traballo de investigación que se vai realizar xustificando o seu interese e a relación da empresa elixida para realizar a estadia coa súa tese de doutoramento no caso de programas coa mención de «Doutoramento Industrial»
2. Documento que acredite a admisión no centro e período para o que se solicita a estadia con data anterior ao inicio dela.
3. Declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ao fronte da Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha outra débeda con ningunha Administración Pública.

Ademais, deberá acompañarse a seguinte documentación segundo grupo de solicitantes:

Grupo 1: Estudantes de doutoramento

1. Informe da dirección da tese de doutoramento incluíndo a conveniencia do desprazamento ao centro de investigación ou á empresa elixida. No caso dos programas coa mención de «Doutoramento Industrial» será necesario ademais a oportuna autorización da empresa na que se desenvolve a tese.
2. Documentos acreditativos daqueles dous méritos obtidos no período 2021-2024 que sometan a avaliación presentados de acordo co Anexo II da convocatoria. De presentarse máis de dous méritos, a solicitude sairá admitida con defectos e deberá especificar na fase de subsanación de solicitudes que méritos selecciona. De non realizar este trámite entenderase que non presenta méritos.

Grupo 2: Persoal investigador posdoutoral

1. Documentos acreditativos daqueles dous méritos obtidos no período 2021-2024 que sometan a avaliación presentados de acordo co Anexo II da convocatoria. De presentarse máis de dous méritos, a solicitude sairá admitida con defectos e deberá especificar na fase de subsanación



de solicitudes qué méritos selecciona. De non realizar este trámite entenderase que non presenta méritos.

Só se terán en conta os méritos obtidos na data de finalización de presentación de solicitudes, non sendo posible a actualización posterior deles. Os méritos presentados, pero non acreditados adecuadamente poderán ser obxecto de emenda no período habilitado para isto na resolución de admisión provisional.

12. Emenda de solicitudes.

Recibidas as solicitudes, e revisados os expedientes conforme ao establecido nas bases desta convocatoria, ditarase resolución provisional de persoas admitidas e excluídas coa súa causa de exclusión se a documentación achegada fose incompleta ou contivese erros subsanables.

As persoas solicitantes excluídas disporán dun prazo de dez días hábiles para que emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos seguindo as mesmas indicacións que para a formalización das solicitudes a través de SUXI. O formulario de alegación resultante, única e exclusivamente, debe ser presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo no seguinte enderezo <https://sede.uvigo.gal/> a través do procedemento **SXER - Alegacións**, indicando no asunto «Solicitud de axudas propias de» (sinalar viaxe ou estadía) e dirixíndoa ao Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento.

De non presentar emenda, entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro.

Durante o período de emenda non se poderán reformular as solicitudes presentadas.

13. Avaliación e selección de solicitudes.

A avaliación de solicitudes será realizada pola Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno, entre as persoas que cumpran os requisitos e conforme aos seguintes criterios de prioridade:

BOLSAS DE VIAXE	BOLSAS DE ESTADÍAS
1. Solicitantes pertencentes ao grupo 1.	1. Solicitantes pertencentes ao grupo 1. Dentro deste grupo, terán preferencia as persoas que teñan concedida unha axuda predoutoral pola Universidade de Vigo e non reciben a mesma axuda na convocatoria do ano 2023.
2. Solicitantes que non reciben a mesma axuda no ano 2023.	2. Solicitantes que non reciben a mesma axuda no ano 2023.



3. Solicitantes que formen parte dun grupo de investigación rexistrado formalmente na Universidade de Vigo (SUXI).	3. Solicitantes que formen parte dun grupo de investigación rexistrado formalmente na Universidade de Vigo (SUXI).
4. Solicitudes para presentar comunicación ou proxecto expositivo a congresos internacionais. Considerándose como tales aqueles que na composición do comité científico e/ou organizador participen polo menos tres países.	4. Valoración dos méritos presentados conforme á base décima primeira desta convocatoria.
5. Valoración dos méritos presentados conforme á base décima desta convocatoria.	

En caso de empate, terán preferencia as persoas que obtivesen maior puntuación nos méritos da seguinte lista ordenados por prevalencia:

Primeiro: Mérito H. Publicacións ou Mérito E: Producción artística para solicitantes procedentes de Belas Artes.

Segundo: Mérito A. Comunicacións a congresos, simposios e reunións científicas.

Terceiro: Mérito B. Estadías de investigación.

Así mesmo, en cumprimento do Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo, concederase 1 punto ás investigacións obxecto da actividade proposta para a mobilidade que integren a dimensión de xénero segundo informe emitido pola dirección da Unidade de Igualdade. Isto non implica a circunscrición ás investigacións especificamente centradas no xénero, senón que se enfoca dun xeito aberto e non restritivo á inclusión de aspectos relacionados co sexo e o xénero na planificación, metodoloxía e hipóteses empregadas no traballo de investigación.

14. Concesión das axudas.

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, á vista da proposta da Comisión de Investigación, ditará resolución provisional motivada de adxudicación e denegación das axudas e, no seu caso, establecerá unha lista de agarda por orde de puntuación. As persoas interesadas poderán formular alegacións contra esta resolución concedéndose para isto un prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación da proposta polos medios indicados na base quince.



Unha vez examinadas as alegacións presentadas, a vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación ditará a resolución definitiva de concesión, que expresará a relación de axudas concedidas, denegadas e, no seu caso, a lista de agarda.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

15. Medios de publicidade.

Todas as resolucións referidas a esta convocatoria serán publicadas para os efectos de notificación no taboleiro de anuncios da Universidade de Vigo cuxo enlace é o seguinte:

<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>

Complementariamente toda a información referida a esta convocatoria é publicada no taboleiro de convocatorias da Universidade de Vigo cuxo enlace é o seguinte:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index>

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na sede electrónica da Universidade de Vigo sen que estas teñan a consideración de notificación.

16. Pagamento das axudas.

Modalidade A. Bolsas para viaxes.

Publicada a resolución de concesión definitiva farase efectiva o 100% da axuda unha vez que a persoa beneficiaria remita á unidade de xestión destas bolsas, durante os vinte días seguintes ao seu retorno, a documentación sinalada na base dezoito desta convocatoria.

Modalidade B. Bolsas para estadías en centros de investigación.

Publicada a resolución de concesión farase efectivo o 80% da axuda unha vez recibido na unidade xestora o certificado de incorporación no centro receptor.



O 20% restante será liquidado unha vez que a persoa beneficiaria remita á unidade de xestión destas axudas, dentro dos vinte días seguintes ao seu retorno, a documentación sinalada na base dezaioito desta convocatoria.

Os pagamentos destas axudas estarán suxeitos, no seu caso, ás retencións que estableza a normativa vixente nesta materia.

17. Réxime de incompatibilidades.

Estas axudas propias para a mobilidade de persoal investigador da Universidade de Vigo son incompatibles con calquera outra axuda concedida en convocatorias públicas ou privadas para a mesma finalidade que financie o custo total da actividade.

Sen embargo, ao tratarse dunha axuda de financiamento parcial, poderá completarse con cargo a proxectos de investigación ou calquera outra axuda de mobilidade convocada pola Universidade de Vigo sempre que non superen o custo total da actividade, para o que a persoa beneficiaria deberá acreditar documentalmente os gastos realizados.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Ninguén poderá gozar de máis dunha bolsa da mesma modalidade por ano de convocatoria.

18. Obrigas das persoas beneficiarias.

As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas a solicitar ou desfrutar as axudas análogas convocadas por órganos da administración pública de ámbito autonómico ou estatal en caso de existir convocatoria en calquera momento do ano 2024 e a cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de subvencións que lles sexan de aplicación.

Ademais, teñen as seguintes obrigas segundo cada modalidade:

Modalidade A. Bolsas para viaxes.

1. Presentar no prazo de vinte días desde a finalización da viaxe:
 - Copia do certificado de asistencia ao congreso, exposición de creación artística ou reunión científica, onde se acredite a presentación dunha comunicación ou proxecto creativo.
 - O non cumprimento desta obriga leva consigo a suspensión cautelar da axuda non aboada.

Modalidade B. Bolsas para estadías en centros de investigación.

1. Presentar no prazo de vinte días desde a finalización da estadía:



- Un breve resumo do traballo realizado asinado pola persoa beneficiaria e pola que lle dirixe a tese de doutoramento.

- Copia do certificado expedido no centro receptor onde se especifiquen as datas da estadía.

O non cumprimento desta obriga leva consigo a suspensión cautelar da axuda non aboada.

2. Mencionar nas publicacións científicas que se deriven dela, a axuda concedida pola Universidade de Vigo para o que, unha vez publicada, deberán enviar á unidade de xestión das bolsas, a evidencia da mención da axuda.

A comisión de investigación resérvase o dereito de solicitar calquera documentación acreditativa e complementaria que estimase oportuna ás persoas beneficiarias.

19. Reintegro da axuda.

Son causas de reintegro destas axudas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alterar ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalguna das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalguna destas causas, perderá o dereito ao cobro da axuda ou estará obrigada a reintegrar á Universidade de Vigo a cantidade indebidamente percibida.

20. Prazo máximo de resolución.

O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, contados desde a data de remate do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo indicado sen terse publicada a resolución, lexitima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión das axudas.

21. Réxime de tratamento de datos.

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXP") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a convocatoria de axudas propias para a mobilidade de persoal investigador da Universidade de Vigo, 2024 e amparados pola Lei 14/2001, de 1 de xuño da ciencia, tecnoloxía e a innovación e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia



Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria de axudas propias para a mobilidade de persoal investigador da Universidade de Vigo, 2024. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.gal

Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Poderá exercer os devanditos dereitos mediante solicitude dirixida ao reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir a dita solicitude directamente á delegada de protección de datos da responsable cuxa identidade e datos de contacto son Ana Garriga Domínguez, enderezo postal Facultade de Dereito, Campus Universitario As Lagoas-Marcosende, s/n 32004 Ourense teléfono: 988368834, enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

22. Transparencia.

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de subvencións, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.



2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



ANEXO II- VALORACIÓN DE MÉRITOS

- Non se poderá presentar un mesmo mérito en dous apartados distintos.
- Soamente serán computables os méritos publicados (en papel ou en formato electrónico con data definitiva de publicación) antes da data fin de presentación de solicitudes da convocatoria correspondente.
- Nos méritos alegados nos que consten máis de tres autorías, a puntuación baixará un 10% por cada autor/a adicional (90% si son 4, 80% si son 5 etc.).
Así mesmo, a orde na listaxe de autorías tamén baixará a puntuación de xeito que á autoría situada en segundo lugar aplicárase un 90% da puntuación final obtida, en terceiro lugar un 80% e así sucesivamente.
- Para a interpretación das dúbidas que puidesen xurdir na baremación de puntuación dos méritos, aplicáranse sempre que sexa posible os criterios establecidos na última convocatoria publicada da avaliación da Producción de Investigación e a Producción de Transferencia da Universidade de Vigo.

A. COMUNICACIÓNS a congresos, simposios e reunións científicas.

Documentación: Deberá presentarse copia da comunicación publicada no libro de actas do congreso, editado en papel ou formato electrónico, onde figure o título e autores/as da comunicación, así como copia da portada onde se indique o nome, tipo de congreso, datas de celebración e composición dos comités científico e/ou organizador. En caso de acreditarse axeitadamente a non publicación de actas do congreso, nin en formato papel nin electrónico, poderá aceptarse a presentación dun certificado acreditativo emitido pola organización do congreso, no que figuren todos os datos anteriores.

Non se considerará como copia a comunicación escrita enviada ao congreso para a súa aceptación.

Considéranse congresos internacionais os que no comité científico e/ou organizador participen polo menos tres países.

Para as comunicacións orais, só no caso de que o/a poñente fose a persoa solicitante da axuda, e sempre que se presente acreditación inequívoca deste feito, sumarase 0,5 puntos no caso de congresos internacionais e 0,20 puntos no caso de congresos nacionais á puntuación obtida.

Non se valorarán neste apartado as reunións derivadas de proxectos de investigación nin os eventos que non teñan un proceso aberto de presentación de comunicacións e selección delas, nin a asistencia a ciclos de conferencias ou mesas redondas.



B. ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN e participación en **CAMPAÑAS CIENTÍFICAS** fóra de Galicia ou da Comunidade Autónoma onde se realizaron os estudos ou, no caso das persoas estranxeiras, fóra do país onde se realizaron os estudos.

Documentación: Certificado da estadía continuada ou campaña expedido polo centro receptor, con indicación expresa de lugar e data de inicio e finalización.

C. OUTROS TÍTULOS OFICIAIS UNIVERSITARIOS

Non son computables os títulos polos que se accede ao programa de doutoramento nin os títulos propios.

D. BOLSAS DE COLABORACIÓN DO MEC

Documentación: Documento no que conste o nome completo de quen gozou da bolsa de colaboración, a denominación da convocatoria, o órgano convocante, as datas de realización e o departamento/grupo de investigación de colaboración.

E. PRODUCCIÓN ARTÍSTICA (con ou sen edición de catálogo)

Documentación: Deberase presentar orixinal ou copia do catálogo ou documentación acreditativa onde se indique o título da produción artística, lugar e data de celebración, número de participantes, número e títulos das obras presentadas polo/a solicitante e número total de obras expostas.

Considérase produción artística o comisariado ou exposición de obra en galerías de arte profesionais ou en espazos expositivos de institucións públicas ou privadas con programación regular non afeccionada.

O órgano instructor consultará en cada convocatoria coa Facultade de Belas Artes a listaxe de galerías de arte profesional e os espazos expositivos de institucións públicas ou privadas con programación regular non afeccionada.

Non se considerarán produción artística os traballos fin de grao ou de mestrado.

F. COÑECEMENTO DE LINGUAS

Documentación: Deberase presentar copia da certificación académica na que conste o título obtido ou copia do título que se posúa.

Consideraranse os niveis de competencia acordes ao Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, para linguas distintas ao castelán, galego e resto de linguas cooficiais do Estado español; e segundo a relación publicada pola CRUE e por ACLES nos enlaces seguintes:

<https://www.crue.org/proyecto/acreditacion-en-idiomas/>

<https://www.acles.es/216-tablas-de-certificados-reconocidos-por-acles>



Admitiranse así mesmo as certificacións de superación de nivel do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas emitidas polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo.

G. PREMIOS E DISTINCIÓNS

Documentación: Deberase presentar copia da certificación na que conste o premio obtido, e o órgano que o concede.

Só se considerarán premios fin de carreira outorgados polo Ministerio de Educación, os premios de fin de carreira para o estudantado que finalizou os estudos universitarios conducentes a un título oficial de grao outorgados pola Xunta de Galicia ou similar de administracións educativas autonómicas e os premios extraordinarios de fin de grao outorgados polas universidades.

H. PUBLICACIÓNS

H.1 REVISTAS Criterios de clasificación:

Documentación: Achegarase copia do artigo. En todo caso deberá constar a data de publicación debidamente impresa, o nome da revista e os autores e autoras.

As publicacións derivadas de congresos, aínda que sexan publicadas nunha revista periódica, non se considerarán neste apartado. Tamén quedan expresamente excluídos os artigos en xornais de divulgación e os documentos de traballo.

Establécense as seguintes categorías, segundo a inclusión da revista nas bases de datos de referencia *:

TIPO A: Revistas que aparezan no *JCR-SCI* ou *JCR-SSCI*, no SJR con índice de impacto, no grupo A da Clasificación CIRC, no A&HCI, no ERIH ou no grupo A do CARHUS.

TIPO B: Revistas que non se atopen catalogadas como tipo A e que estean incluídas no Grupo B do CIRC, no grupo B do CARHUS, ou que aparezan en Scopus.

TIPO C: Revistas que non se atopen catalogadas como tipo A nin B, e que estean incluídas no Grupo C do CIRC ou no grupo C do CARHUS.

* Bases de datos:

- *JCR-SCI (Journal Citation Reports, Science Edition) e JCR-SSCI (Journal Citation Reports, Social Sciences Edition)*
- *SJR (SCImago Journal Rank)*
- *CIRC (Clasificación Integrada de Revistas Científicas)*
- *ERIH (European Reference Index for the Humanities)*



- *A&HCI (Arts and Humanities Citation Index)*
- *CARHUS (Sistema de avaliación de revistas científicas dos ámbitos das Ciencias Sociais e Humanidades)*
- *SCOPUS*

En todos os casos, utilizaranse as bases de datos do ano mais recente dispoñible e se multiplicará a puntuación por 1.2 aquelas que estean en acceso aberto.

H.2. MONOGRAFÍAS E LIBROS con ISBN:

Criterios de clasificación de monografías, tratados, libros e edicións críticas.

Documentación: Copia da portada do libro, das páxinas onde figuren a editorial e o ISBN e do índice. Ademais, no caso de autoría de capítulos, copia como mínimo da primeira e da última páxina e da páxina onde figuren os autores e autoras, se non é ningunha delas.

Só se considerarán aquelas obras que teñan ISBN, e nas que a editorial teña utilizado un editor, editora ou comité editorial que supervise o proceso de creación e edición do libro.

A publicación de teses de doutoramento, proxectos fin de grao ou mestrado non se considerará neste apartado. Tampouco se valorarán as actas de congresos, nin no relativo á autoría nin á edición das mesmas.

Non se valorarán as publicacións relacionadas con cursos ou xornadas de formación, nin as publicacións derivadas de calquera tipo de evento.

Non se valorarán os libros que sexan editados polos propios autores, autoras ou por persoas físicas, ou por empresas de reprografía, copisterías, librerías, empresas de artes gráficas ou similares.

A avaliación farase tendo en conta a calidade da editorial segundo o seu prestixio nacional ou internacional, o grao de esixencia e o rigor científico nos procesos de selección dos traballos publicados, o nivel de calidade do panel de editoras e/ou editores, a existencia de consello científico internacional, a práctica acreditada de revisión por pares, etc. A lingua de publicación non será considerada como factor determinante do ámbito no que se encadre unha editorial cara á avaliación.

A Comisión de Investigación establecerá conxuntos de editoriais nos que os méritos reciban puntuación fixa, e que serán publicados na web da Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación.

H.3 PARTICIPACIÓN EN CATÁLOGOS DE EXPOSICIÓNS Belas Artes:



Documentación: deberá presentarse copia da portada e contraportada, folla onde apareza o ano de publicación, índice do catálogo onde figuren as autorías de textos, deseño ou comisariado da exposición e, se é o caso, copia do artigo.

Considerarase a participación como autor/a de textos, deseñador/a do catálogo e comisario/a da exposición. Non se considerarán neste apartado as autorías das obras expostas.

I. PATENTES



BAREMO	Puntuación méritos
COMUNICACIÓNS a congresos, simposios e reunións científicas	
Internacionais	3
Nacionais:	1,5
Si ponente internacional/nacional	0,5/0,2
ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN e participación en CAMPAÑAS CIENTÍFICAS fóra de Galicia ou CCAA	
de 16 a 30 días	0,5
de 31 a 90 días	1
de 91 a 180 días	2
máis de 180 días	3
OUTROS TÍTULOS OFICIAIS UNIVERSITARIOS	
Licenciatura, grao ou equivalente	1
Diplomatura ou equivalente	0,5
Máster distinto ao que deu acceso aos estudos de doutoramento.	0,3
BOLSAS DE COLABORACIÓN DO MECD	
Bolsas de colaboración en departamentos universitarios do Ministerio de Educación.	4
PRODUCCIÓN ARTÍSTICA	
Exposicións individuais e comisariados en espazos expositivos de institucións públicas ou privadas con programación regular non afeccionada.	12
Exposicións colectivas e co-comisariados en espazos expositivos de institucións públicas ou privadas con programación regular non afeccionada.	5
Exposicións individuais e comisariados en galerías de arte profesionais.	5
Exposicións colectivas e co-comisariados en galerías de arte profesionais.	3
COÑECEMENTO DE LINGUAS	
Nivel C2	3
Nivel C1	2
Nivel B2	1
PREMIOS E DISTINCIÓNS	
Ámbito estatal (Premios fin de carreira do Ministerio de Educación)	3
Ámbito autonómico	2



Premios extraordinarios fin de carreira de cada universidade	1
PUBLICACIÓNS	
I.1. Revistas	
TIPO A	12
TIPO B	5
TIPO C	3
I.2. Monografías e libros con ISBN / capítulos de libro	
Editorial de ámbito internacional: Tipo I1	12/6
Editorial de ámbito internacional: Tipo I2	10/5
Editorial de ámbito internacional: Tipo I3	8/4
Editorial de ámbito estatal: Tipo E1	8/4
Editorial de ámbito estatal: Tipo E2	5/2,5
Editorial de ámbito estatal: Tipo E3	3/1,5
Editorial de ámbito autonómico/local: Tipo A1	3/1,5
Editorial de ámbito autonómico/local: Tipo A2	2/1
Editorial de ámbito autonómico/local: Tipo A3	1,5/0,5
I.3. Participación en catálogos de exposicións Belas Artes	
en espazos expositivos de institucións públicas ou privadas con programación regular non afeccionada.	5
en galerías de arte non profesionais.	3
PATENTES	
Patentes con extensión europea en polo menos 3 países	12
Patentes rexistradas en España en explotación	10
Patentes rexistradas	5
Prototipo rexistrado como modelo de utilidade	3

